

Levaron 'A partir de hoxe' e 'Con corda de tenrura' a 'Sargadelos'

Manuel Regal e Victorino Pérez traen o catecismo ó século XXI

REDACCIÓN

Os escritores Manuel Regal e Victorino Pérez presentaron onte na galería *Sargadelos* de Lugo as súas adaptacións do catecismo ó mundo que estrea terceiro milenio. *A partir de hoxe* (Regal) e *Con cordas de tenrura* (Pérez) poderían ser traducións da espiritualidade e da doutrina cristiá a idiomas da sociedade actual. Buscan con novas palabras e propostas reconciliar cristianismo e homes.

Manuel Regal traduce ó galego do rural nunha novela que defende a un tempo "a idea dunha Igrexa laica" e "a militancia da ruralidade". Ex crego e director do *Proxecto Home* en Lugo, responde así ó encargo dos grupos do Movemento Rural Cristián de Galicia, que querían material para o labor de reflexión que desenvolven. E responde tamén á conta que sinte ter co agro galego.

O resultado é, segundo di, unha "base para traballos de grupo" coa que darlle un certo sentido ó que "pintan" os labregos na Igrexa. A protesta contra absolutización da figura do cura na sociedade, cunha alternativa na potenciación do papel dos cristiáns, é un dos eixos do novo *catecismo*.

Na outra proposta da obra — a rural —, Regal protesta contra o tratamento que se lle dá ó mundo do agro. "Ser labrego é



XESÚS PONTE

Regal e Pérez —no centro—, na presentación dos seus libros

un orgullo", di.

O idioma de Victorino Pérez é o dun crego do século XXI "crítico dentro da miña Igrexa" que quere destruí-las estampas dun Deus vingativo. Valéndose da imaxe que del daban as mulleres da Biblia e dun Xesús que representa a "mellor unión en harmonía da parte masculina e feminina", pinta *Con cordas de*

tenrura unha imaxe de Deus que se achega ó home actual ata acadar unha relación "como a da nai e o fillo".

Victorino Pérez continúa con esta obra a súa colección de reconciliacións. Tentou achega-lo cristianismo ó galeguismo, ó ecoloxismo e ó feminismo. Agora, "habera tamén que reconciliar sexo e cristianismo".